



CARTA A XIAO

4º Concurso Cuentos Repsol
1º Premio en Gallego

Autora: Beatriz García Turnes

Querido Xiao:

Non sábe-la ledicia que me produciu a túa carta. ¡Despois de tanto tempo! Tróuxome lembranzas daqueles veráns maravillosos que pasabamos xuntos aquí, á beira da ría.

¡Que fermoso é o mar! cando está calmo, cando se enfada... ¡moito me gusta!

Xa había moito tempo que non collía os álbumes de fotos vellas, os daqueles anos, así que cando os quixen ver non sabían onde buscalos. Agora téñoos aquí comigo. ¿Queres que che conte o que vou vendo?

O mar, cando vai vento, parece unha mente confusa que pelexa consigo mesma. É bonito. Son bonitas as cabezas que se contradín. Son cabezas pensantes.

¡Coma daquela! ¿Lémbreste? Tamén eu che ía dicindo o que vía: as casas, as rochas, os piñeiros, os barcos, o mar...

O mar non é azul, senón de tódalas cores. Según sexa a luz con que se mira, así é a súa tonalidade. O mar é igual cá Unica Verdade: cambiante, adaptable, polifacético, sedante, fermoso...

Teño aquí unha foto na que estás dándolle á guitarra. Os demais cantamos. Eu sempre dixen que a música había se-lo teu futuro. ¡Tocabas tan ben!

O mar adica toda a súa vida a loitar contra as rochas. Elas parecen ser moito máis fortes, indestructibles, pero o mar non se rinde. O cabo de séculos

de constancia marina a rocha e area. Entón el pode bicala, mirala, aloumiñala, amala. ¿Quen, senón o mar, loitaría sempre contra o eterno inimigo invencible?

O que non sabía era que xa daquela compuxeses, foi unha sorpresa para min lelo na túa carta. ¿Por qué nunca nolo dixeras? ¡Que pregunta! ¡Eras tan tímido!

O mar, nas noites de lúa, reflexa en si a beleza do mundo, pero o mundo non mira para o mar e non sabe que é fermoso.

Aquí hai outra foto na que nós estamos xogando un partido de fútbol. Tamén saes ti, sentado á beira do campo. Andas a falar con... xa non me lembro do seu nome. ¡Bah! é igual.

O mar non fala con palabras porque as palabras non serven para comunicar sentimentos. Houbo un tempo no que se usaron para transmitir ideas, aquilo que se pensaba, pero agora son armas que manteñen ós demais lonxe de nós. Por iso o mar fala con silencios.

Os rapaces todos estaban nun equipo e as mozas noutra ¡Menuda malleira nos deron aquela vez! ¡Menos mal que máis adiante nos recuperamos! ¿Lémbreste do patirido que xógamo-lo día do Carme? Aquela foi a nosa primeira victoria.

O mar é omnipresente. Viaxa no verbo dos ríos, nas ás dos paxaros e no corazón dos homes, viaxa nas nubes e na choiva, nas lembranzas, no esquencemento.

O que non me gustaba nada era iso de ternos que estar sempre as nenas nun equipo e os rapaces noutro. ¿Lémbraсте de cando o discutiamos cos demais? Ti éra-lo único que me apoiaba e Pedro sempre che dicía que, se ti xogases, non te poñerías do meu lado.

O mar, ó solpor, queima a quen o contempla. O mar fire cando o sol se deita porque está tan cheo de luz que axuda a ver. Por iso agora ninguén se senta a miralo.

O mellor de todo era ir contigo a contempla-lo atardecer. Destes momentos non teño ningunha fotografía, pero no importa, hai moitas imaxes gardadas no meu maxín.

O mar é omnipotente. El ten poder para matar e para deixar vivir, pero cando mata chora durante días o seu crime. É esta unha obriga que cumpre con dor. Se o mar non asasinase, os homes buscarían outros xeitos de morrer, e o mar sabe que á máis fermoso falecer no seu colo.

Eu case sempre escomenzaba a describirche a paisaxe, pero ó final rematabas sustituíndome ti. Falabas con moita seguridade, como se puideses vela ría, pero as túas impresións non se axustaban moito ó que tiñas realmente diante.

O mar está cada día máis só. A soidade únicamente resulta fermosa cando é momentánea, cando sabes que, de desexalo, poderás saír dela e reunirte con amigos que agardan por ti. Por iso a soidade

nunca é fermosa. Por iso o mar chora de soidade.

Lembro un día no que me dixeches que o mar non era azul, senón de tódalas cores. A min gustábame escoitarte porque nunca ninguén me falara daquelo coma ti. Eras moi orixinal.

O mar está feito á imaxe e semellanza de Deus. Por iso os homes fuxen do mar. Por iso o mar está só.

Falabas del como se fose unha persoa, coma se fose un amigo. Eu tiña ciumes porque pensaba que o querías máis ca a min. E queríalo ¿verdade? máis que a ninguén no mundo.

O mar, cando está limpo, reflexa na súa face os ollos do home. O home, que o sabe, esfórzase por enchelo de lixo, por rompe-lo espello. O home ten medo.

¿Con que ollos mirabas ti o solpor? ¿Por que só ti te comunicabas co océano? ¡O que é a vida! Marchaches deixando aquí ó teu confidente. Tamén me deixaches a min, e a tódolos outros, pero só o mar e eu agardamos por ti. Eu sabía, aínda que non llo dixese ós demais, que ías volver.

O mar, cando está triste, pensa en todo aquilo que non entende: o vacío das palabras, o vacío do cerebro, o vacío dos corazóns, o vacío da vida... O mar, cando está triste, é un terrible vacío.

Daquela pensei, coma todos, que marchabas á busca dun futuro glorioso. Nin se me pasou pola cabeza que persigueses conseguir moitos cartos, coñeciate o suficiente coma para saber que non era

así, pero imaxinei que buscabas un lugar onde soubesen aprecia-lo teu traballo o teu talento. Non te coñecía como para entenderte.

O mar é auga salada porque está feito de bágoas. El non ten vergoña de chorar, de amosar a todos os seus sentimentos. O mar é valente. O mar non entende a un mundo que se avergoña de ter corazón.

Desde que chegou a túa carta non deixei de pensar en ti. Decateime de que te seguía querendo e de que ti nunca e querías a min. Descubrín que non marcharas por ningunha das razóns que eu imaxinara, pero aínda non atopei o verdadeiro motivo.

O mar, un día, escoitou algo maravilloso. Un home faláballe, mirábao cos seus ollos baleiros, escoitábao con todo o seu ser... O mar soubo que un home, por fin, o comprendía e que xa nunca máis estaría só.

Ben, en calquera caso ¿que importa o pasado? Ti vas volver sexa polo que sexa. Decidiches vir aquí no verán e eu eite ver outra vez. Foches moi amable ó escribirme ¿Aínda te lembrás de min, despois de tanto tempo! O fin e á cabo sempre fomos moi bos amigos.

O mar, un día, descubriu algo terrible. O home que lle faltaba íase parecendo a el cada día máis. O home admirábao e identificábase con el. Por iso os seus compañeiros non querían miralo, por iso estaba cada vez máis só, por iso choraba ó seu carón.

Cando veñas imos facer excursións a tódolos

sitios nos que xogabamos de pequenos. Se queres ir ve-lo solpor xuntos. Hame gustar escoitar outra vez as túas fermosas historias sobre o mar. Vai ser bonito oír de novo a túa voz.

O mar, cando se enamora, dá todo o que ten por aquel a quen ama. Non pode soportar velo sufrir, non quere se-la causa da súa desgracia. O mar, cando se namorou, deixou de comunicarse con aquel a quen amaba para facer del un ser feliz.

Non sei se o resto dos amigos daqueles tempos quererán vir connosco algún día. Sería fantástico que nos volvesemos a atopar todos ¿non si?

O mar, cando hai estrelas, sempre está calmo. Cando hai estrelas o mar le no ceo as mensaxes que elas lle traen. As constelacións falan dun home que vai marchar lonxe do mar porque o mar así o quere, pero eu sei que é inútil que tente fuxir porque el viaxa tamén nos ollos cegos. Hei de volver un día cando o mar o poida entender.

O chegares temos que facer algo especial para celebrar ¿Por qué non me escribes outra vez e dime como queres festexa-la túa volta? Vaime facer ilusión recibir outra carta túa. Moitos bicos.

O mar sabe que volto por el, sabe tamén que nunca volveirei a ser un home baleiro, sen pesamentos, feliz... Eu vin ó mar e xa non o podo borrar do meu ser. Son parte del para sempre, el é para sempre parte de min.